

En 2017, cumprimos:
as nosas praias despertaron
moito máis limpas despois da festa

E DICIÁN QUE NON PODIAMOS

AÍNDA PODEMOS MÁIS



WWW.SANXOANCORUNA.ES


#MOLLATE #SANXOAN2018



OUTRO SAN XOÁN É POSÍBEL

Un no que o mar non padeza as consecuencias da festa.
No que as nosas praias non esperten cheas de plástico e lixo. Un San Xoán diferente, divertido, alegre, sustentable. De todas e todos.

PARA CONSEGUILO, MÁIS QUE NUNCA, A TUA COLABORACIÓN É FUNDAMENTAL



ESTE ANO NON BAIXES PALES Á PRAIA!

Sabes cantas puntas de ferro leva cada palé? Máis de 60. Imaxina todos eses cravos espallados pola area durante todo o verán: o dano que pode facer iso ao noso medio ambiente, pero tamén ás persoas que gozan das praias.

Lembra que o Concello porá ao teu dispor madeira non contaminante: este ano, evita os palés!


NON DEIXES A PRAIA SEMENTADA DE CRAVOS



WWW.SANXOANCORUNA.ES


#MOLLATE #SANXOAN2018

NON SE PODEN FACER FOGUEIRAS EN CALQUERA SITIO. É CUESTION DE LÓXICA



ONDE PODO FACER UNHA FOGUEIRA?

Onde o teu sentidíño che indique que non hai perigo ningún. Nin para ti, nin para quen vaia estar de festa contigo, nin para o patrimonio público ou particular, nin para o noso patrimonio común, xa sexa cultural ou ambiental. Á menor dúbida, mellor buscar outro lugar, non vaia ser.



ONDE NON?

Onde vivan árbores ou vexetación, ou vexas que pode haber risco para a xente ou para o patrimonio. Por exemplo: Campos arredor da Torre de Hércules e contorna vexetal da Praia das Lapas. Lonxe das zonas de árbores como as de San Pedro de Mezonzo, do barrio das Flores, praza de Monforte, Campo da Leña, Campo de Marte, só por mencionar algunhas... Lugares de especial valor natural e cultural como: Praza das Bárbaras, Parque de Santa Margarida, Xardíns de Méndez Núñez...

RECOMENDACIÓNS AMBIENTAIS PARA A NOITE MEIGA SAN XOÁN É COUSA DE FESTA... E DE SENTIDIÑO!



1) Coida de todos: non baixes palés á praia

Os palés deixan cravos na area durante todo o verán, e son un grave perigo para a natureza e a saúde das persoas.



2) Coidado coas distancias

Polo menos, a 20 metros das árbores e 5 metros arredor de cada fogueira.




3) Coidado co que é de todos e todas

Respecta os contedores, o mobiliario e as instalacións urbanas.




4) Coidado co que queimamos

Non botes plásticos, cauchos, rodas, colchóns nin calquera produto ou obxecto inflamable.




5) Coidado cos teus residuos

Elixes materiais reciclables e usa sempre os contedores. O vidro non está permitido!




6) Coidado cos seres vivos

As árbores e a vexetación en xeral. Son seres vivos, e tamén patrimonio da cidade. Cóidaos!




7) Coidado con...

A area e o mar non son lugares para aliviar a túa vexiga. O mar é moi perigoso, e durante o resto do verán xente de todas as idades van pasar moitas horas na area.



8) Coidado ao rematar a festa

Cando remate a festa o lume deberá quedar absolutamente apagado. Asegúrate persoalmente de que non quedan baixo as cinzas brasas ou rescoldos acesos.



9) Coidado co planeta

A Noite Meiga é -sempre foi- unha festa de celebración da natureza. Comprométe e colabora coa defensa do noso patrimonio cultural e natural!

ZONAS DE RECOLLIDA DE LIXO, WC E REPARTO DE LEÑA. (A PARTIR DAS 19.00 H)

Usa a leña posta ao teu dispor e lembra que non podes usar palés, madeira con puntas, mobles, etc.

Tes contedores de recollida de lixo por todo o paseo: non deixes os teus residuos na praia!

- Zonas de recollida de lixo, reparto de leña e WC.
- 🔥 Cacharelas
- 🏖️ Praia Viva. Espazo de diversión sen lixo
- 🔥 Falla de Riazor
- ♿ Espazo adaptado para persoas con mobilidade reducida



MOLLATE! PRAIA VIVA

espazo de diversión sen lixo

PRAIAS VIVAS NO ORZÁN, MATADOIRO E RIAZOR

Espazos de troula compatibles cunha contorna viva e onde os cidadáns están no centro.

Este ano, as praias do Matadoiro e unha parte de Riazor e Orzán converteranse en Praias Vivas, con actividades para todas as idades, onde prestaremos unha importancia especial ao coidado da praia e das persoas.


Estás convidado, estás convidada! Ven e participa construíndo praias vivas de verdade.

Segue as redes de @corunasostible para máis info!



@CorunaSostible

facebook.com/CorunaSostible



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



CORUÑA
PROXIMA



CORUÑA
VIVA

